

BASES

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “CARNOTA NUN CLIC”

1ª OBXECTO: O concurso de fotografía que organiza o Concello de Carnota ten como finalidade amosar e por en valor o patrimonio natural, etnográfico e cultural do municipio mediante a fotografía.

2ª PARTICIPANTES: Poderá participar no concurso calquera persoa maior de 18 anos e residente en España, ca excepción dos membros do xurado.

3ª TEMÁTICA: A temática central do concurso será o patrimonio natural, cultural e etnográfico do Concello de Carnota.

4ª ÁMBITO XEOGRÁFICO: Todas as imaxes deberán tomarse no interior do ámbito xeográfico do Concello de Carnota e os elementos a fotografar en primeiro plano deberán pertencer igualmente a dito ámbito xeográfico.

5ª OBRAS: Cada participante poderá presentar un máximo de cinco (5) fotografías, sendo estas orixinais e inéditas (que non se presentaran con anterioridade en outros concursos, Webs ou calquera outro medio dixital ou impreso). Cada obra deberá ir acompañadas dun título.

Os/as participantes responsabilizarse totalmente de ser os únicos autores das obras, non existindo dereitos a terceiros, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe sobre as fotografías presentadas ao concurso.

As fotografías non poderán ser alteradas dixitalmente nin por calquera outro medio. Tampouco se aceptarán fotomontaxes. Permitiranse mínimas correccións de cor e luminosidade. En caso de dúbidas, o xurado podería solicitar ao autor/a o arquivo RAW para a súa comprobación. En caso de non dispoñer da fotografía de control quedará descalificado/a.

Para que se poda celebrar o concurso será necesario un mínimo de 12 fotografías. No caso de non alcanzalo suspenderase a súa celebración.

6ª PRESENTACIÓN: Para poder participar, o/a usuario/a debe encher un formulario. As fotografías deberán enviarse a través deste mesmo formulario xunto cos demais campos requiridos. As fotografías deberán ser presentadas en formato JPEG ou JPG, cunha resolución mínima de 1200 píxeles no seu lado menor.

7ª PRAZO DE ADMISIÓN: O prazo para presentar as fotografías estará aberto do 06 ao 31 de outubro de 2025. Non se admitirán fotografías presentadas fóra destas datas.

8ª PREMIOS: Entregaranse tres (3) premios ás fotografías gañadoras (1º, 2º e 3º posto), consistentes en tres vales para gastar en establecementos locais por importe de 150€ para o primeiro premio, 100€ para o segundo premio e 50€ para o terceiro premio.

Cada participante poderá obter como máximo un premio.

A entrega de premios realizarase no Concello de Carnota.

Os vales deberán utilizarse antes do 30 de marzo de 2026.

9ª O XURADO: O xurado estará formado por Marina Coso de Mc Marketing e dous representantes das áreas de cultura e turismo do Concello de Carnota.

O Xurado poderá interpretar estas bases e tomar decisións sobre situacións non previstas nestas bases, aplicando o seu criterio con total autonomía. Así mesmo, resérvase a facultade de excluír aquelas imaxes que considere inapropiadas, alleas á temática do concurso ou que non acaden os estándares mínimos de calidade esixidos."

10ª FALLO: O fallo do xurado producirase o 5 de novembro de 2025 e será comunicado expresamente pola organización aos premiados. Da mesma maneira, o Concello de Carnota difundirá esta información aos medios de comunicación, na súa páxina web e a través dos canais que crea conveniente.

11ª CRITERIOS DE VALORACIÓN: A valoración do xurado realizarase atendendo a criterios de creatividade e calidade técnica, seleccionando polo xurado (12) obras finalistas, das que logo se valorará cada unha delas do 1 ao 10, resultando as 3 fotografías gañadoras. No caso de empate, abrirase unha nova rolda de votación entre as obras empatadas, que será resolta polo xurado.

12ª DEREITOS DE AUTOR: A propiedade intelectual e autorías serán sempre do/a autor/a. O Concello de Carnota deberá facer constar en futuras reproducións impresas, exposicións ou por calquera medio dixital o nome o pseudónimo do/a autor/a.

13ª PROTECCIÓN DE DATOS

Concello de Carnota e a empresa contratista obríganse a cumprir o Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos (RGPD) e a Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

Responsable do tratamento dos seus datos: Concello de Carnota, con NIF P1502000A.

Finalidade: Xestionar a súa participación no concurso de fotografía organizado polo Concello, incluíndo a recepción e valoración das obras, a comunicación de resultados, a entrega de premios e, no seu caso, a publicación das fotografías gañadoras ou

seleccionadas nos medios de comunicación municipais (páxina web, redes sociais, revistas ou cartelería).

Lexitimación: O consentimento das persoas interesadas (artigo 6.1,a de o RGPD), cumprimento dunha obrigaón legal (artigo 6.1,c do RGPD) e exercicio de poderes públicos (artigo 6.1,e do RGPD).

Conservación: Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

Destinatarios: Os datos de carácter persoal poderán ser comunicados a outras Administracións, cando sexa necesario, no exercicio das súas competencias.

Dereitos: Poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, portabilidade, limitación do tratamento e a non ser obxecto de decisións automatizadas, así como a retirar o consentimento prestado.

14ª ACEPTACIÓN DAS BASES: A participación neste concurso supón a plena aceptación destas bases e do fallo inapelable do xurado.